

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 29 DE FEBREIRO DO 2024.

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: ABRALDES PEREZ FERNANDO
---	--

No Salón de Sesiós da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte e nove de Febreiro do Dous mil vinte e catro, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 22/02/2024

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202402/387

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 23/02/2024. DECRETO: "ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS "PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS EN RÚA PORTUGAL""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202402/389

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 23/02/2024. DECRETO: “ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS “SANEAMENTO NA RÚA BUENOS AIRES (CORRUBEDO)”

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202402/391

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 23/02/2024. DECRETO: “ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS “PAVIMENTACIÓN E PLUVIAIS NA TRAVESÍA DOS POZOS (CORRUBEDO)””

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202402/392

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 23/02/2024. DECRETO: “ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS “REDE DE PLUVIAIS EN OUTEIRO (ARTES)””

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202402/428

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 27/02/2024. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “CUBERTA TÉXTIL DE PARQUE INFANTIL DAS ABESADAS (RIBEIRA)””

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202402/430

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 27/02/2024. DECRETO: “Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOS CURROS (CASTIÑEIRAS)””

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202402/431

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 27/02/2024. DECRETO: “Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de “SANEAMENTO NO LUGAR DE ESPÍÑEIRIDO””



9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202402/433

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 27/02/2024. DECRETO: “Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de “PAVIMENTACIÓN, ABASTECIMENTO E PLUVIAIS EN RÚA DA CAPELA (CARREIRA)””

10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202402/442

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 27/02/2024. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS EN RÚA DO CURBELO (AGUIÑO)”

11.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO E PRESTAR CONFORMIDADE AO INICIO DE ACTIVIDADE - RESTAURANTES McDONALD’S, S.A.U.

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: RESTAURANTES McDONALD’S SAU, restaurante e uso comercial 24 h de venda de comida, epígrafes IAE 671.5 (restaurantes dun garfo) e 677.9 (outros servizos de alimentación propios da restauración), epígrafe do catálogo autonómico de espectáculos e actividades recreativas III.2.5.1.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

SITUACIÓN: Lugar de Xarás, Polígono 3, Parcela 1042, Ribeira.

REFª CATASTRAL: 15074A00301042.

PROMOTOR/A: RESTAURANTES McDONALD’S SAU, (CIF A.28586097).

DODUMENTACIÓN INICIO DE ACTIVIDADE: Contrato de Arrendamento de Servizos de Seguridade e Protección Contra Incendios. O Cliente resulta ser D. Jesús Abel Doce Hompanera, en representación do “NONATRA RESTAURACIÓN SLU”, e o lugar do servizo realizarase nas instalacións do Cliente localizadas en: MCDONALDS 1059 Nigrán – Rúa das Pontes s/n, Parque empresarial Porto do Molle – 36.350 – Nigrán (Pontevedra) / Fotografías dos extintores instalados na edificación / Certificado da Instalación Sistemas de Protección Contra Incendios (Sistemas automáticos de detección de incendios, sistemas manuais de alarma de incendios, sistemas de comunicación de alarmas e extintores manuais / Documentación dun ensaio sobre dúas portas metálicas batentes dunha folla / Documentación dun ensaio sobre unha porta pibotante dunha folla / Declaración de conformidade, marcado CE, do operador de portas automáticas peatonais / Certificado de instalación de portas automáticas / Informe de calificación de resistencia ao lume, de porta pibotante de dobre folla / Informe de calificación de resistencia ao lume, de dúas portas metálicas dunha folla / Xustificante de presentación no REXISTRO GALEGO SANITARIO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS ALIMENTARIOS (REGASA), presentado por Jesús Abel Doce Hompanera / Xustificante de presentación no concello de Ribeira (RE.: 202200025003), de solicitude de Licencia de Primeira Ocupación para un edificio destinado a restaurante e uso comercial 24h (Expte. nº 2022 LIC-000030) / Xustificante de presentación no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, na área provincial de Turismo da Coruña (DECATATRA RESTAURACIÓN SL) (Código de procedemento TU984B) / Contrato de Tratamento de aceites e grasas / Informe de Inspección Técnica de Área de Xogos Infantís / Xustificante de presentación do Certificado da instalación eléctrica perante a Xunta de Galicia / Contrato de mantemento de equipos de climatización e cámaras frigoríficas / Contrato de arrendamento de parcela con dereito a edificar (Juan Sala Pineda e Marta Gómez-Castresana Beistegui) / Fotos da obra rematada / Certificado de empresa MG Aislamientos SL, de ter aplicado na obra sita Lugar. Xarás,



morteiro ignífugo Perlita e Vermiculita fabricado con Perlita e Vermiculita, sobre estruturas metálicas, pilares, forxaos, vigas, cerchas, celosías e calesquera elementos metálicos precisos para acadar unha resistencia EI 90 / Certificación acústica do edificio / Xustificante de presentación no rexistro de instalacións térmicas da Xunta, Servizo de Industria da Coruña (RE.: 2022/2970617), por parte da empresa SISTEMAS DE CONDUCCIONES TECNOVAL SL. / Modelo cumprimentado, da Cª de Economía e Industria, Xefatura Territorial da Coruña, do Certificado de Instalación de Climatización, Ventilación / Contrato de arrendamento de servizos, para a limpeza semestral do sistema de extracción de fumes da instalación da cociña. -OCA: Certificado da Inspección de Baixa Tensión / Póliza do Seguro de Responsabilidade Civil do local / Contrato co servizo de mediación e consultoría do seguro / Certificado Final de Obra, no que se avanza a existencia de modificacións (Anexo I). - Anexo I, no que se describen as seguintes modificacións na urbanización: -Modificouse a rampla de saída da urbanización. -Reubicáronse as prazas de aparcamento que anteriormente estaban na zona da rampla de saída e se distribuíron polo resto da urbanización.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 6 de outubro de 2022 e que por unanimidade acorda **CONCEDER** á entidade RESTAURANTES McDONALD'S SAU **LICENZA DE OBRAS Nº 29/22** para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICACIÓN ILLADA DE FORMA RECTANGULAR, CON ZONA DE TERRAZA, E UN XOGO INFANTIL EXTERIOR, DESTINADA A USO ESPECÍFICO TERCIARIO DE RESTAURANTE DE COMIDA RÁPIDA MCDONALD'S**, no lugar de Xarás, Polígono 3, Parcela 1042, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A00301042, nos termos do Proxecto de execución e actividade de edificio illado destinado a restaurante Mcdonald's visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 18 de xullo de 2022.

SEGUNDO.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14 de decembro de 2023 e que por unanimidade acorda **CONCEDER** á entidade RESTAURANTES McDONALD'S SAU, **LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN** da **EDIFICACIÓN ILLADA DE FORMA RECTANGULAR DE RESTAURANTE DE COMIDA RÁPIDA MCDONALD'S, CON ZONA DE TERRAZA, E UN XOGO INFANTIL EXTERIOR**, sita no lugar de Xarás, Polígono 3, Parcela 1042, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A00301042, nos termos do *Certificación Final de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 26 de decembro de de 2022 asinado polo Sr. Jorge Gonzalo Alemán Madroñal (arquitecto técnico col. nº 104.863) e Sr. Luis Quintana Quijada (arquitecto col. nº 10.879), PLANO U04.1. - Urbanización. Distribución, superficies e acabados*, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de día 26 de decembro de de 2022, Xustificante de presentación de Declaración catastral (Modelo 900D), Certificado de Inspección de Baixa Tensión (OCA), Xustificante de presentación na Xunta de Galicia do Certificado da Instalación Eléctrica, Inscripción na Xunta do Certificado de Edificios de Nova Construción no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios, Etiqueta de Eficiencia Enerxética do Edificio, Certificado da Instalación de Portas Automáticas, Declaración de conformidade CE do operador de portas automáticas, Documentación dun ensaio sobre dúas portas metálicas batentes dunha folla, Documentación dun ensaio sobre unha porta pibotante dunha folla, Informe de calificación de resistencia ao lume, de porta pibotante de dobre folla, Informe de calificación de resistencia ao lume, de dúas portas metálicas dunha folla, Certificado de tratamento ignífugo á estrutura metálica do edificio, Recibo de presentación do rexistro da Xunta de Galicia, no servizo de Industria da Coruña, da empresa SISTEMAS DE CONDUCCIONES TECNOVA SL., Certificado acústico, Contrato da empresa PROSEGUR, de arrendamento de servizos de seguridade e PCI a NONATRA RESTAURACIÓN SLU, que inclúe o mantemento de



Sistemas de Protección Contra Incendios, e mantemento preventivo, Fotografías dos extintores colocados nas instalación, Informe de Inspección Técnica de Áreas Infantís, co resultado de CONFORME, Fotografías da obras rematada, Informe de conexión á rede de abastecemento e saneamento municipais así como Acta de recepción de obra.

TERCEIRO.- Vista a comunicación previa para o inicio de actividade presentada en escrito rexistrado de entrada os días 28 de decemebro de 2022, 10 e 18 de xaneiro de 2023, (Rexistro de entrada nº 25.017, 729 e 1.367), polo Sr. Francisco Javier Curros Neira en representación da entidade RESTAURANTES McDONALD'S SAU para exercer a acitividade de restaurante e uso comercial 24 h de venda de comida, epígrafes IAE 671.5 (restaurantes dun garfo) e 677.9 (outros servizos de alimentación propios da restauración), epígrafe do catálogo autonómico de espectáculos e actividades recreativas III.2.5.1. en instalacións sitas en no Lugar de Xarás, Polígono 3, Parcela 1042, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A00301042.

CUARTO.- Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de medio ambiente Ignacio L. Fernández Veiga en relación ao inicio da actividade con sinatura de día 17 de febreiro de 2023.

QUINTO.- Visto o informe favorable emitido pola arquitecta técnica municipal Nuria Morgade Pouso en relación ao inicio da actividade con sinatura de día 31 de outubro de 2023.

En atención á Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/12/2023, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e prestar conformidade ao inicio da actividade presentada pola entidade RESTAURANTES McDONALD'S, S.A.U. para exercer a acitividade de restaurante e uso comercial 24 h de venda de comida, epígrafes IAE 671.5 (restaurantes dun garfo) e 677.9 (outros servizos de alimentación propios da restauración), epígrafe do catálogo autonómico de espectáculos e actividades recreativas III.2.5.1. en instalacións sitas en no Lugar de Xarás, Polígono 3, Parcela 1042, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A00301042.

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:



- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

25307 31.10.2023 COMUNIDAD DE PROPIETARIOS URBANIZACIÓN AS SAIÑAS, execución de obras de mantemento de acabados exteriores na propiedade da comunidade, no lugar de As Saiñas, nº 43 a 51, A Carballa, Palmeira.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

13977 08.06.2023 MARIA J. MANEIRO FERNÁNDEZ, abrir zanja para cierre, en Reiríz, 16, Oliveira.

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

3488 12.02.2024 GRACIELA VIDAL PAZ (JOSÉ A. MOS ORELLÁN), peche de parcela, na rúa Douriseira, 6, Aguiño.



15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

1790 23.01.2024 IVAN FERRÁS QUEIRUGA, reforma de planta baixa, no lugar de Pedriña, 19, Palmeira.

16.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

4015 19.02.2024 JOSÉ MANUEL VILAS TOMÉ, poñer canalón caído e reparación de grietas, en Campos, 44, Carreira.

17.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

28231 05.12.2023 MARIA DOLORES TORRES AYASO, obras menores para acondicionamento de fachada, cuberta, substitución de carpinterías e acabados interiores, Travesía Castela, nº 25, Aguiño.

18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

2131 26.01.2024 SOLIDEO ECO SYSTEMS S.L., instalación fotovoltaica sobre unha vivenda ubicada na rúa do Rabelo, 26, Ribeira.

19.- INSTALACIÓN DE TENDEDEIROS EN FACHADA RÚA BARBANZA - Comunidade de Propietarios do Edificio Rúa Barbanza-Esquina Mariño de Rivera

Queda sobre a mesa para o seu maior estudo a comunicación de obra menor (Expte. Nº 2023 COMU000608) presentada con data 20 de novembro de 2023 pola Comunidade de Propietarios do Edificio Rúa Barbanza-Esquina Mariño de Rivera, para **"INSTALACIÓN DE TENDEDEIROS FACHADA NORTE DO EDIFICIO, no lugar de RÚA BARBANZA Nº 24, RIBEIRA-**



20.- ACORDO DE CANCELACIÓN AVAL/SEGURO DE CAUCIÓN – Nedgia Galicia, S.A.

Nº EXPEDIENTE SWAL:	2023 DAVA000008
CONCEPTO GARANTIZADO:	CONDICIÓNS LIC.OB.234/09
Nº AVAL/SEGURO CAUCIÓN:	0182000631997
IMPORTE:	160.190,44 €
ENTIDAD AVALISTA:	BBVA
DEPOSITANTE:	NEDGIA GALICIA, S.A.
NIF DEPOSITANTE:	A15383284
Nº OPERACIÓN CONTABLE DEPÓSITO:	2009-33005451

LOGO DE VER a solicitude de cancelación de aval/seguro de caución constituído a favor deste concello que figura no encabezado de data 21/02/2022

E DE VER o informe favorable á súa devolución/cancelación do técnico municipal UXÍA LANDEIRA PEREIRA de data 20 DE NOVIEMBRE DE 2023.

Dada conta pola Tesouraría municipal da inscrición da devandita garantía coma pendente de devolución no Rexistro contable de avals e depósitos.

En exercicio das competencias que me outorga o artigo 21.1 da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co acordo de delegación de competencias efectuado á Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

1º) Autorizar a cancelación do aval/seguro de caución que figura no encabezado desta proposta.

2º) Notificar o presente acordo ao interesado, apercibíndolle que no suposto de que a garantía fose depositada na Tesouraría municipal en documento físico e desexase retirar o orixinal, deberá persoarse por sí ou por representante debidamente autorizado nas oficinas da Tesouraría municipal para proceder ao seu retiro, previo aviso con unha antelación mínima de dous días hábiles.

3º) Dar conta do presente acordo á Tesouraría municipal.

21.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Valentín Homero Muñiz Pérez

Visto o escrito presentado por **Valentín Homero Muñiz Pérez**, de data 15/11/2023 (Rexistro de entrada nº 26.473), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 0416509NH0101N0001BF.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar pidre Mosquera, de data 27/02/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitude de información urbanística dunha parcela, con Rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira número 202300026473 do día 15 de novembro de 2023.



2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela, os usos permitidos, si se permiten voos, e se se pode destinar a usos asistenciais/sanitarios, de acordo coa normativa urbanística que resulta de aplicación.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 0416509NH0101N0001BF, no seu plano 3.9 de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Santa Uxía), a escala E:1/2000 como solo urbano non consolidado, dentro do polígono 1-1.

As características deste Polígono son as Seguintes:

Superficie	2.808 m ²
Aproveitamento Lucrativo:	4.425 m ²
Residencial Máximo:	2.316 m ²
Terciario de Oficina Máximo:	1.500 m ²
Dotacional privado máximo:	609 m ²

Superficies de cesións:

Rede viaria: 1.923 m²

Obxectivos: Ordenación do espazo vacante, obtención de cesións para viais, fundamentalmente de circunvalación e transversais, e solo para equipamentos.

Condicións de edificación:

Altura máxima:	B + 4
Aliñacións:	Definidas en planos
Usos:	Residencial colectivo
Ordenanza de aplicación: Nº 1	
Parcela mínima:	300 m ²

Desarrollo e xestión:

A edificación, os viais e as zonas de equipamentos se concertarán nas zonas grafiadas nos planos.

A súa xestión realizarase mediante xestión

As condicións da Ordenanza de aplicación son:

Ordenanza 1, Residencial extensiva colectiva en fileira, artigo 156 do PXOM.

ARTIGO 150: ORDENANZA 1.- RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA EN MAZÁ.

1. Definición e ámbito.



Comprende esta ordenanza as áreas de solo con densidade de poboación alta, destinadas para o uso residencial na súa forma de vivenda colectiva con plantas baixas destinadas ao uso terciario e sotos a aparcamento.

O seu deseño apoiase sobre a rede viaria existente e a que se ten deseñado ou completado mediante o presente planeamento.

É unha ordenanza que se basea principalmente nunha única aliñación exterior ou de mazá, á que se lle adxudican unha ou varias alturas máximas de comisa en atención á diferenza de cotas do viario.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

2. Usos

Uso global: Residencial intensivo.

Uso característico pormenorizado: Vivenda colectiva

Usos admisibles: Terciario de comercio, Oficinas e Hostalaría, Industriais no seu nivel de talleres que non superen os umbrais de compatibilidade domésticos e Dotacións de Interese Social, unicamente en plantas baixa e primeira.

3. Tipoloxía edificatoria

A tipoloxía edificatoria é a da edificación pechada entre medianeiras que resolverá as súas luces a través das fachadas exteriores o a través de patios de parcela.

4. Parámetros da edificación

4.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 300 m², a parcela definida no polígono.

Fronte mínimo: 6 m. Excepto parcelas entre medianeiras.

4.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: 100%.

Ocupación en planta baixa: Fondo máximo: 25 m

Ocupación en Sotos: 100% da parcela edificable.

Fondo máximo plantas de pisos: 18 metros.

Aliñación: As definidas nos planos correspondentes, con carácter obrigatorio.

4.3. Condicións de volume

Número de plantas: As definidas nos planos de ordenación, ca limitación do largo de rúa segundo o establecido nas condicións xerais de edificación, salvo nas rúas relacionadas na seguinte táboa:

Rúa de Galicia: B + E + 2P 4- Ático

Avda. Do malecón e paseo das Carolinas (de Romero Ortiz a Avda. de A Coruña): B + E 4- 4P 4- Ático

CJ Cordierio: B + E + 3P + Ático

C/ Cristóbal Colón (desde Praza da Igrexa a c\ Irmandiños): B + 3P + Ático

C/ Gral. Franco: B + E + 2P + Ático

C/ Lagareu: B 4- 3P + Ático

C/ Lepanto: B + 3P + Ático

C/ Mariño de Ribeira: B + E + 3P 4- Ático

C/ Miguel Rodríguez Bautista: B + E + 3P + Ático

C/ Monumento: B + 3P 4- Ático

C/ Noro: B + 3P + Ático

C/ Nove de agosto: B + E + 3P -t- Ático

C/ Romero Ortiz (desde Malecón ata Rúa do Toxo e Rúa da Canteira): B + 3P + Ático



C/ Rosalía Castro: $B + E + 4P + \text{Ático}$
Praza do Concello: $B - I - E + 4P - \text{Ático}$
Avda. Ferrol (desde Padín ata Corredoira Morta - Carretera de Comandante): $B + E - f - 2P + \text{Ático}$
Avda. Pérez Galdós: $B + E + 2P + \text{Ático}$
Prolongación rúa Escorial: $B + 4P - \text{Ático}$

Polo que será a limitación definida no polígono de B+4 plantas de altura.

Altura de comisa: Para determinar a altura máxima, consideraranse 3,50 m. para a planta baixa, 3 m. para as plantas altas en caso de uso residencial, que pode á aumentar a 3,20 m. para os usos terciarios e dotacional de equipamentos.

Altura de coroación: La cumieira situarase nunha cota máxima de 4 metros por cima do último forxado.

4.4. Elementos arquitectónicos

Autorízanse as construcións de baixo cuberta cun peto en liña de fachada de 1,00 m. de altura máxima. Autorízanse voos segundo as condicións xerais de edificación, e cunha superficie acristalada mínima do 30% e unha ocupación máxima do 80% da superficie da fachada, excluída a correspondente á planta baixa.

Voos máximos de cornisas e aleiros serán 0,4 metros.

Os patios de luces rexeranse pola Normativa establecida no Decreto 311/1992 en función da altura e uso.

5. POSIBILIDADE DE CORPOS VOADOS

Tal e coma se indica no apartado 4.4 da Ordenanza de aplicación, Autorízanse voos segundo as condicións xerais de edificación, e cunha superficie acristalada mínima do 30% e unha ocupación máxima do 80% da superficie da fachada, excluída a correspondente á planta baixa.

Voos máximos de cornisas e aleiros serán 0,4 metros.

6. POSIBILIDADE DE DESTINAR A USOS ASISTENCIAIS/SANITARIOS

Tal e coma se recolle no apartado 1.2 referido anteriormente, o uso característico será o de vivenda colectiva, e coma usos admisibles, admitiranse os Terciarios de comercio, Oficinas e Hostalaría, Industriais no seu nivel de talleres que non superen os umbrais de compatibilidade domésticos e Dotacións de Interese Social, unicamente en plantas baixa e primeira.

Polo que se poderá destinar a usos asistenciais/sanitarios, entendendo estes, coma dotación de interese social.

7. DATA DE APROBACIÓN DA CITADA NORMATIVA

O PXOM de Ribeira foi aprobado o 17 de decembro de 2002.

8. AFECCIÓN SECTORIAIS

A parcela encóntrase en zona de protección de dous béns catalogados, polo que será preciso solicitar autorización a Patrimonio.

22.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR ASESORÍA BENY GARCÍA, S.L., EN NOME E REPRESENTACIÓN DE MULTISERVICIOS RIVEIRA, S.L., POLOS DANOS SUFRIDOS EN INMOBLE DA SÚA PROPIEDAD COMO CONSECUENCIA DUN INCENDIO DUN COLECTOR DO LIXO. EXPEDIENTE 2023 RESP000011.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **ASESORÍA BENY GARCÍA, S.L.**, en nome e representación de **MULTISERVICIOS RIVEIRA, S.L.**, co obxecto de determinar a posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos



sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 03 de decembro de 2022, produciuse un incendio nuns colectores do lixo situados na Rúa Barreira, á altura dos inmobles cos números 23 e 24 da citada Rúa. Como consecuencia do citado incendio viuse afectado o baixo do inmovible número 24, propiedade da entidade “*Multiservicios Ribeira S.L.*”

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 02/02/2023 co número 2.820, a entidade “*Asesoría Beny García S.L.*”, en nome e representación de “*Multiservicios Ribeira S.L.*”, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do incendio, que cuantifica na contía de 2.284,48 euros, segundo presuposto de reparación de danos emitido por “*Cristalería Filgueira S.L.*” na data 16/12/2022 co número 16/12/2022.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: Parte de servizo número 5751 realizado pola Policía Local e o informe emitido pola Policía Local como consecuencia da instrución do expediente.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte dos/as interesados/as.

Si consta escrito da entidade aseguradora do Concello, Mapfre Seguros, no que entenden que non resulta acreditada a relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e os danos sufridos, ó tratarse dun feito fortuíto perpetrado por terceiros descoñecidos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos



públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico, ostentando lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento ó ser o titular do inmovible que resultou danado.

Actúa representado pola entidade “*Asesoría Beny García, S.L.*”, que acredita correctamente a representación coa que actúa.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do servizo de recollida do lixo. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de



recollida do lixo é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a realidade dos danos no inmovible referido**, circunstancia que se desprende da apreciación conxunta do recollido no informe da Policía Local e o presuposto de reparación de danos que achega o reclamante co seu escrito de reclamación.

Concretada que foi a produción dos danos, **é preciso analiza-las circunstancias nas que estes se produciron para, así, poder determinar a existencia ou non dun nexo de causalidade que vincule o funcionamento do servizo público do que o concello é titular, cos prexuízos padecidos no inmovible danado.**

A este respecto, da instrución do expediente resulta o seguinte:

- **A Policía local tivo constancia do sucedido.** Así consta no informe emitido na data 03/12/2022: *“Que sendo las 04:47 horas, se recibió llamada telefónica, en la cual se nos comunicaba de la existencia de contenedores ardiendo, en la calle da Barreira, a la altura de los inmuebles nº 23 y nº 24 de la misma calle. Que los agentes actuantes se desplazaron de inmediato hasta el lugar indicado por el alertante, y una vez en el lugar se puede observar como **tres contenedores están ardiendo de manera voraz**, así como emitiendo una gran cantidad de humo denso y tóxico de color negro (...) **Que debido a las llamas producidas por la quema de los contenedores, se localizaron diversos desperfectos en los inmuebles próximos a los mismos, siendo los más afectados la n1 23 y nº 24 (...).**”*
- No informe emitido na data 27/11/2023 como consecuencia da instrución deste expediente, a Policía Local afirma que **descoñecen os motivos polos que se orixino o incendio.**

Pois ben, ante a evidencia de que foi un incendio nos colectores do lixo o feito que da orixe ós danos acontecidos, **apréciase no caso que nos ocupa, a concorrencia dunha circunstancia que racha todo eventual nexo de causalidade que puidera existir entre o servizo público e o dano sufrido**, por canto nunha representación racional dos motivos que orixinaron o incendio nos colectores do lixo aparece como elemento necesario, en todo caso, a concorrencia dun feito, **a acción dun terceiro**, que creba aquel vínculo causal, en tanto que, aínda sendo o incendio nos colectores o motivo do dano, e estando adscritos os devanditos elementos de recollida do lixo á prestación dun servizo público municipal, non é apreciable a existencia de responsabilidade da Administración. A tal conclusión debe chegarse por canto **a causa que orixina o incendio non ten orixe interna na propia prestación do servizo público, senón que é externa a este, porque externo e alleo á prestación do servizo é o feito de que un terceiro indeterminado, ben intencionada (acto vandálico) ou ben imprudentemente, prendera lume ós colectores**, desbotada toda posibilidade dunha eventual combustión espontánea destes últimos por producirse o incendio en plena noite e no mes de decembro, non existindo unha exposición ós raios solares que, aínda que de xeito improbable, puidera orixinar un incendio.

A concorrencia desta circunstancia, acción dun terceiro, racha todo eventual nexo de causalidade entre a actividade da Administración e o dano producido, de xeito que non é reprochable a un funcionamento do servizo público, nin normal nin anormal, o resultado lesivo que se produciu para a propiedade próxima ós colectores incendiados.



En consecuencia, **enténdese que non existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal de recollida do lixo e os danos ocasionados ó baixo do inmobile número 24 da Rúa Barreira.

Por todo o exposto, **visto** o informe con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 23/02/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, no exercizo das competencias delegadas pola Alcaldía, coa abstención da concelleira Genoveva Betanzos Fernández (art. 76 da Lei 7/85 RBRL), e cos votos a favorables do resto dos membros presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por “Asesoría Beny García S.L.”, en nome e representación da entidade “Multiservicios Riveira S.L.”, polos danos no baixo do inmobile número 24 da Rúa Barreira, polos motivos e fundamentos antes expostos.

23.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR ASESORÍA BENY GARCÍA, S.L., EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, POLOS DANOS SUFRIDOS EN INMOBLE DA SÚA PROPIEDAD COMO CONSECUENCIA DO INCENDIO DUN COLECTOR DO LIXO. EXPEDIENTE 2023 RESP000014

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **ASESORÍA BENY GARCÍA S.L.**, en nome e representación de **D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MARTÍNEZ**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 03 de decembro de 2022, produciuse un incendio nuns colectores do lixo situados na Rúa Barreira, á altura dos inmobiles cos números 23 e 24 da citada Rúa. Como consecuencia do citado incendio viuse afectada a vivenda do primeiro andar do inmobile número 24, propiedade de D. José Manuel Rodríguez Martínez.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 02/02/2023 co número 2.821, a entidade “Asesoría Beny García S.L.”, en nome e representación de D. José Manuel Rodríguez Martínez, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do incendio, que cuantifica na contía de 1.355,20 euros, segundo presuposto de reparación de danos emitido por “Comercial y Aluminio Mallo Area S.L.” na data 13/12/2022 co número 55.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: Parte de servizo número 5751 realizado pola Policía Local e o informe emitido pola Policía Local como consecuencia da instrución do expediente.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte dos/as interesados/as.

FUNDAMENTOS DE DEREITO



PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para lograla reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.



O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **o reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico, ostentando lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento ó ser o titular do inmovible que resultou danado.

Actúa representado pola entidade “*Asesoría Beny García S.L.*”, que acredita correctamente a representación coa que actúa.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do servizo de recollida do lixo. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de recollida do lixo é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a realidade dos danos no inmovible referido**, circunstancia que se desprende da apreciación conxunta do recollido no informe da Policía Local e o presuposto de reparación de danos que achega o reclamante co seu escrito de reclamación.

Concretada que foi a produción dos danos, **é preciso analiza-las circunstancias nas que estes se produciron para, así, poder determinar a existencia ou non dun nexo de causalidade que vincule o funcionamento do servizo público do que o concello é titular, cos prexuízos padecidos no inmovible danado.**

A este respecto, da instrución do expediente resulta o seguinte:

- **A Policía local tivo constancia do sucedido.** Así consta no informe emitido na data 03/12/2022: *“Que siendo las 04:47 horas, se recibió llamada telefónica, en la cual se nos comunicaba de la existencia de contenedores ardiendo, en la calle da Barreira, a la altura de los inmuebles nº 23 y nº 24 de la misma calle. Que los agentes actuantes se desplazaron de inmediato hasta el lugar indicado por el alertante, y una vez en el lugar se puede observar como tres contenedores están ardiendo de manera voraz, así como emitiendo una gran cantidad de humo denso y tóxico de color negro (...) Que debido a las llamas producidas por la quema de los contenedores, se localizaron diversos desperfectos en los inmuebles próximos a los mismos, siendo los más afectados la n1 23 y nº 24 (...)”.*
- No informe emitido na data 27/11/2023 como consecuencia da instrución deste expediente, a Policía Local afirma que **descoñecen os motivos polos que se orixino o incendio.**

Pois ben, ante a evidencia de que foi un incendio nos colectores do lixo o feito que da orixe ós danos acontecidos, **apréciase no caso que nos ocupa, a concorrencia dunha circunstancia que racha todo eventual nexo de causalidade que puidera existir entre o servizo público e o dano sufrido**, por canto nunha representación racional dos motivos que



orixinaron o incendio nos colectores do lixo aparece como elemento necesario, en todo caso, a concorrencia dun feito, **a acción dun terceiro**, que creba aquel vínculo causal, en tanto que, aínda sendo o incendio nos colectores o motivo do dano, e estando adscritos os devanditos elementos de recollida do lixo á prestación dun servizo público municipal, non é apreciable a existencia de responsabilidade da Administración. A tal conclusión debe chegarse por canto **a causa que orixina o incendio non ten orixe interna na propia prestación do servizo público, senón que é externa a este, porque externo e alleo á prestación do servizo é o feito de que un terceiro indeterminado, ben intencionada (acto vandálico) ou ben imprudentemente, prendera lume ós colectores**, desbotada toda posibilidade dunha eventual combustión espontánea destes últimos por producirse o incendio en plena noite e no mes de decembro, non existindo unha exposición ós raios solares que, aínda que de xeito improbable, puidera orixinar un incendio.

A concorrencia desta circunstancia, acción dun terceiro, racha todo eventual nexo de causalidade entre a actividade da Administración e o dano producido, de xeito que non é reprochable a un funcionamento do servizo público, nin normal nin anormal, o resultado lesivo que se produciu para a propiedade próxima ós colectores incendiados.

En consecuencia, **enténdese que non existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal de recollida do lixo e os danos ocasionados á vivenda do primeiro andar do inmovible número 24 da Rúa Barreira.

Por todo o exposto, **visto** o informe con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 23/02/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, no exercizo das competencias delegadas pola Alcaldía, coa abstención da concelleira Genoveva Betanzos Fernández (art. 76 da Lei 7/85 RBRL), e cos votos a favorables do resto dos membros presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por “Asesoría Beny García S.L”, en nome e representación de D. José Manuel Rodríguez Martínez, polos danos na vivenda do primeiro andar do inmovible número 24 da Rúa Barreira, polos motivos e fundamentos antes expostos.

24.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a M^a ISABEL ANTONIO RAMA, POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2023 RESP000006.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a M^a ISABEL ANTONIO RAMA** co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 01 de decembro de 2022, D^a M^a Isabel Antonio Rama, con DNI número 52.454.221-F, ía camiñando pola Praza de España, cando, na saída da citada Praza no seu enlace coa Rúa Escorial esvarou con algo que había no chan, o que fixo que perdera o equilibrio, batendo contra un dos bolardos existentes na rúa e caendo ó chan.



Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. Antonio Rama tivo que ser atendida no Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron diversas contusións, unha ferida incisa superficial e unha fractura do incisivo central esquerdo.

Ademais das lesións sufridas, a Sra. Antonio Rama tamén sufriu a rotura das súas lentes.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 09/12/2022 co número 23763, D^a M^a Isabel Antonio Rama promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos e as lesións sufridas pola mencionada caída, solicitando unha indemnización de 1.147 euros pola rotura dos lentes, segundo presuposto emitido na data 09/12/2022 por “Federópticos Filgueira Martínez”.

Co escrito de presentación da súa reclamación, achega a seguinte documentación:

- Presuposto emitido na data 09/12/2022 por “Federópticos Filgueira Martínez”.
- Informe de alta de urxencias do Hospital do Barbanza de data 01/12/2022.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe realizado pola Policía local na data 09/10/2023, e informe emitido na data 31/01/2024 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por parte da reclamante.

Si constan escrito de alegacións realizado pola entidade aseguradora do Concello de Ribeira, Mapfre España, no que dispón que non resulta acreditada a relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e os danos sufridos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos



públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **está lexitimada a Sra. Antonio Rama para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente** ocorrido na data 01/12/2022 en vía pública, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Ribeira, por ser o titular da vía na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de *“infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”*, debendo prestar, en todo caso, o servizo de *“pavimentación de vías públicas urbanas”*, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.



Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas pola Sra. Antonio Rama. Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba a vía pública pola que transitaba na data do accidente.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Ribeira non tivo constancia do sucedido.** Así o fai constar en informe emitido na data 09/10/2023: *"(...) revisados los archivos policiales, no consta actuación alguna en la que haya intervenido esta policía, por lo que **no hay conocimiento del suceso objeto de la reclamación**".*
- **No departamento de obras públicas do Concello de Ribeira tampouco se tivo constancia do sucedido,** dispoñendo a enxeñeira municipal o seguinte respecto ao estado do lugar da caída: *"(...) En la fecha del accidente, esto es, el 01/12/2022, no se hizo por parte de departamento de obras públicas, ninguna inspección del citado lugar, por lo que se desconoce el estado exacto del mismo en esa fecha. (...) en el mes de noviembre de 2023 se procedió a la revisión del tramo que une la calle Escorial con la Plaza de España, observando un buen estado general de la misma, sin ninguna deficiencia ni obstáculo o defecto que pudiese suponer un peligro para los viandantes. Tampoco se observan indicios de reparaciones recientes que pudiesen ser indicativas de defectos existentes en el pavimento de la calle. Así se puede comprobar en las fotografías que se unen a este informe. Se desconoce, así mismo, si había alguna sustancia en el pavimento que pudiese provocar resbalones. Se añade que para delimitar la rúa Escorial con la Plaza de España existen cuatro bolardos metálicos con forma esférica, y perfectamente visibles para el viandante, cuya función, como ya he dicho, es la delimitación de los dos espacios públicos, por lo que se consideran parte de mobiliario urbano, no un obstáculo de la vía pública. (...)".*
- Non se presentan testemuñas do acontecido.

Da análise das probas referidas, extraemos a seguinte conclusión: **que non se ten suficientemente demostrado a existencia de nexo de causalidade, pois non resulta probado a existencia dun defecto na vía pública, e polo tanto non resulta probado que aquel tivera entidade tal como para provocar a caída da reclamante.**

Non basta, polo tanto, con que a reclamante afirme que esvarou na rúa para apreciar a existencia de responsabilidade patrimonial. En primeiro lugar, porque non resulta suficientemente demostrado a existencia de *"algo"* no chan e que iso fose a causa da caída. E, en segundo lugar, por canto dita responsabilidade so xorde cando o obstáculo, para o caso de existir, supera o que é o normal límite de atención esixible no deambular, isto é, cando o defecto presenta un plus de perigosidade mais alá da atención ordinaria que debe prestarse ao camiñar, por non ser esixible como fundamento dunha reclamación de responsabilidade patrimonial unha total uniformidade na vía pública, senón que o estado da vía sexa o suficientemente uniforme como para resultar facilmente superable cun nivel de



atención esixible socialmente pois doutra forma estaríase facendo un chamamento á falta de responsabilidade individual pese a constituír esa responsabilidade un dos fundamentos da vida social.

Neste sentido, ten insistido a doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo que a Administración Pública responde de forma directa e inescusable de todo dano antixurídico sempre que sexa causado polo funcionamento da actividade administrativa, pero elo non significa que a responsabilidade patrimonial converta ás Administracións Públicas en aseguradoras universais de todos os riscos sociais.

Sinala o Alto Tribunal, que non pode garantirse totalmente aos peóns que non sufrirán unha caída na rúa e polo tanto os viandantes, para evitar as caídas, teñen que observar tamén a dilixencia debida, que será maior ou menor segundo as circunstancias persoais de cada un pois non é posible estender a cobertura do servizo público viario ata garantir a ausencia total de deficiencias que, aínda séndoo, dificilmente poden ser consideraras como xuridicamente relevantes na xeración dun risco cuxa produción constitúa á Administración na obriga de resarcilo por canto mais que unha ausencia de servizo ou un servizo defectuoso tales deficiencias poden encontrarse dentro de parámetros de razoabilidade que deben cualificarse como riscos sociais admitidos propios da vida colectiva e socialmente tolerados.

Nas rúas, paseos e avenidas das cidades e pobos existen multitude de desniveis, orificios, irregularidades de pequena entidade susceptibles de provocar un tropezo e a consecuente caída do peón, pero elo non é razón suficiente para entender que se produce un deficiente funcionamento do servizo público, porque de admitirse así, estaríase esixindo ás Administracións unhas labores de mantemento e conservación inabarcables, desproporcionadas e por outra parte imposibles de cumprir que habería de conlevar a constante e continua vixilancia das rúas e beirarrúas en toda a extensión do trazado urbano, e aínda así, non podería garantirse o seu perfecto estado.

Por todo o exposto, **visto** o informe con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 27/02/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, no exercizo das competencias delegadas pola Alcaldía, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a M^a Isabel Antonio Rama polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.

25.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN MESA INFORMATIVA E PANEIS – José Antonio Pérez Martínez

A Xunta de Goberno Local queda enteirada dos escritos presentados por **José Antonio Pérez Martínez**, de data 21/02/2024 (Rexistro de entrada nº 4.280 e 4.282), nos que solicita a ampliación da autorización para a instalación dunha mesa informativa e paneis na intersección da Rúa Cardenal Cisneros coa Avenida do Malecón (Ribeira), ata o día 25/03/2024, co fin de dar información relativa ao acceso ao Centro AGADEA; así como solicita autorización para marcar con cinta o traxecto tanto desde a caseta da ONCE como desde o estacionamento reservado ás furgonetas na Avenida do Malecón.

Visto o anterior, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- **Autorizar** a instalación dunha mesa informativa e paneis na intersección da Rúa Cardenal Cisneros coa Avenida do Malecón (Ribeira), ata o día 25/03/2024, co fin de dar información relativa ao acceso ao Centro AGADEA.
- **Denegar** a solicitude para marcar con cinta o traxecto tanto desde a caseta da ONCE como desde o estacionamento reservado ás furgonetas na Avenida do Malecón

26.- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DE ZONA DE ESTACIONAMIENTO EXPRESS (AGUIÑO)

Queda sobre a mesa á espera de novo informe a proposta remitida pola Policía Local, de data 23/02/2024, relativa á posibilidade de ampliación da zona de estacionamento express na rúas Sálvora e Lorenzo Mariño (Aguiño)..

27.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN EVENTOS MUSICAIS EN ZONA DE COROSO (RIBEIRA) – Espectáculos Cantaruxa, S.L.

Visto o escrito presentado por David Sampedro González en representación de **Espectáculos Cantaruxa, S.L.**, de data 15/02/2024 (Rexistro de entrada nº 3.856), no que solicita autorización para a celebración de varios eventos musicais no aparcadoiro do pabellón de padel en Coroso (Ribeira), con instalación de barras e unha carpa pechada de 15x25:

- O día 30/03/2024 (18:00 h. a 04:00 h.) -“Festival de DJs Bar Sound de Pascua”
- O día 31/03/2024 (horario de tarde) -Musical/Espectáculo infantil
- O día 12/04/2024 (horario noite) –“1ª Festa da Xuventude”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a celebración de varios eventos musicais no aparcadoiro do pabellón de padel en Coroso (Ribeira), con instalación de barras e unha carpa pechada de 15x25:
 - O día 30/03/2024 (18:00 h. a 04:00 h.) -“Festival de DJs Bar Sound de Pascua”
 - O día 31/03/2024 (horario de tarde) -Musical/Espectáculo infantil
 - O día 12/04/2024 (horario noite) –“1ª Festa da Xuventude”
- **Prestar a colaboración municipal** no relativo á presenza da Policía Local, servizo de limpeza, reforzo de contedores de lixo, dotación de valados e sinalización, así como a aportación de 150 cadeiras (que deberán ser recollidas e transportadas polos solicitantes).
- Deberán adoptar todas as medidas de seguridade, incluído a presenza permanente dunha ambulancia, e estar en posesión da obrigada póliza de responsabilidade civil.
- Asímesmo, e con anterioridade á celebración dos citados eventos, deberán proceder ao **pago das correspondentes taxas municipais**.
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento



28.- PROPOSTA DE ACCIÓNS DE REACONDICIONAMENTO PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CEIP PLURILINGÜE DE PALMEIRA

Vista a proposta presentada pola **Policía Local**, de data 24/02/2024, relativa á realización de varias accións de reacondicionamento para a mellora da seguridade vial nas inmediacións do CEIP Plurilingüe de Palmeira, na súa parte traseira denominada como lugar de As Lombas, co obxecto de reacondicionar a sinalización tanto vertical, como horizontal, mediante pintura no pavimento, a reubicación dos estacionamentos á marxe dereita, para dar maior seguridade vial creando unha zona diáfana diante dos portais de entrada e saída do colexio onde os condutores teñen unha visión anticipada aos acontecementos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a proposta presentada pola Policía Local para a realización de varias accións de reacondicionamento para a mellora da seguridade vial nas inmediacións do CEIP Plurilingüe de Palmeira, na súa parte traseira denominada como lugar de As Lombas, segundo o contido da citada proposta.

29.- AUTORIZACIÓN PRÁCTICA DA “XORNADA FORMATIVA DE ORIENTACIÓN” – Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 27/02/2024, relativa á solicitude de autorización para a realización da práctica da “Xornada Formativa de Orientación” no Parque Periurbano de San Roque, o día 03/03/2024 en horario de 10:00 h. a 13:30 h., pola Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** o uso do exterior do Parque Periurbano de San Roque para realizar a sesión práctica da “XORNADA FORMATIVA DE ORIENTACIÓN” o domingo 3 de marzo en horario de mañá.
- A colocación, o uso e recolleita de obxectos e material para poder levar a cabo a actividade, correrá a cargo da entidade solicitante facendo un uso correcto e axeitado das instalacións velando pola súa correcta conservación e mantemento co compromiso de mantelas no estado orixinario ao remate da actividade.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

